



TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Xestión do patrimonio cultural

Departamento: Xestión e actividade profesional

Formación básica	Curso: 4º	1º Cuadrimestre	5 ECTS
------------------	-----------	-----------------	--------

Teórica

Araceli Torres Fernández
aracelitordes@edu.xunta.gal

Horario: 4 horas semanais

DESCRICIÓN DA MATERIA

Institucións patrimoniais. Nocións de museoloxía, museografía, arquivística e biblioteconomía. Técnicas de catalogación e documentación. Mecenado. Mercado dos bens culturais e seus aspectos legais. Nocións de taxación e expertización. O informe pericial.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X10	Coñecer a evolución histórica do concepto de ben cultural e dos criterios de conservación-restauración, e as principais institucións competentes na conservación do patrimonio.
X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.
X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Saber establecer un diálogo interdisciplinar con outros/as profesionais relacionados/as co ámbito do patrimonio cultural.

Posuír coñecementos básicos da lexislación aplicable, referente ao léxico, artigos e normativa.

Coñecer os organismos e institucións os que se pode recorrer para a protección dun Ben Cultural.

Coñecer o procedemento, as fases e a metodoloxía das actuacións administrativas de diferentes organismos e institucións.
Empregar recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional.
Coñecer métodos de rexistro, documentación, catalogación e ou inventario aplicables aos bens culturais.
Saber elaborar unha ficha de inventario.
Posuír coñecementos básicos para a elaboración dun proxecto de musealización.
Saber elaborar un informe de valoración.

UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidade	Subtemas	% no total da materia
Introdución e institucións patrimoniais.	Institucións e organismos internacionais e nacionais. Documentos e tutela do patrimonio cultural (recomendacións, convencións): cartas, pactos, declaracións, ... Breve historia legislativa de España.	10 %
Lei PHE 16/1985 do 25 de xuño do patrimonio histórico español e outras.	Normativa precedente e organismos consultivos. Conceptos e vocabulario técnico. Competencias patrimoniais. Expedientes: declaración e inventario. Obrigas, dereitos, notificacións e infraccións. Mercado dos bens patrimoniais. Exportación, importación, traslados e musealización. Estímulos en beneficios dos bens. Patrimonio con características especiais: eclesiástico e arqueolóxico. Outras normas, leis e decretos.	20%
Nocións de catalogación e documentación	Conceptos básicos. Pasos previos, proceso de documentación e rotulación nas institucións. Sistemas de documentación.	20%
Nocións de museoloxía, museografía.	Conceptos e evolución do museo. Tendencias da museoloxía e museografía. Difusión: Exposición permanente e temporal	20 %
Mercado dos bens culturais e os seus aspectos	Mercado da arte. Entidades de arte e demanda: público e	10%



legais.	coleccionistas.	
Nocións de taxación e expertización	Valoración e peritaxe: Tipo de obra. Funcións do peritaxe e importancia da atribución. O informe pericial.	10 %
Nocións de arquivística e biblioteconomía	Conceptos e principios. Evolución e lexislación. Arquivos e as súas funcións.	10 %

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introdutorias	7		7
Sesións expositiva-participativa	41		41
Traballo tutelado - elaboración de informes: inventario e musealización	16	30	46
Estudos de caso, debates e outras actividades	8	8	16
Estudo autónomo		15	15
Total	72	53	125

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e os temas, para a toma de contacto do alumnado
Sesións maxistras	Coñecemento das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as presentacións orais e outras ferramentas, literatura científica e titorías didácticas.
Traballos tutelados con presentación e exposición	Realización de traballos individuais sobre patrimonio cultural: -Traballo de musealización e inventario: O traballo curatorial partirá da selección dun mínimo de 10 pezas/obxectos reais que irán en coherencia co espazo expositivo escollido polo alumnado. Procederá a imitar as fases de traballo real para levar a cabo unha exposición co proceso documental preciso para un correcto desenvolvemento (idea curatorial, cronogramas, orzamento, contactos, fichas de condición, facility report, etc.) xunto a elaboración dun inventario de 5 a 10 pezas, a determinar polo docente, que foran empregadas para a fase anterior do traballo. Esta actividade será con orientación e ferramentas proporcionadas polo docente. Será obrigatoria a entrega documental do traballo final e a presentación oral na aula do anteproxecto -Casos prácticos de aplicación da lexislación vixente.

Debates, estudos de casos e outras actividades	Charlas abertas e comentario crítico (oral ou escrito) a partir da lectura de artigos científicos, libros relacionados ou novas de prensa escrita/dixital; Exercicios de reflexión e propostas de intervención, de forma individual ou cooperativa, a determinar polo docente; Outras actividades como probas, visitas externas e traballos asociados a elas.
--	---

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas	Cualificación das probas Aplicación dos coñecementos adquiridos Rigor técnico e grao de aplicación de conceptos teóricos. Corrección no desenvolvemento do exercicio Presentación do exercicio	50 %
Traballos tutelados	Calidade do traballo e da presentación oral e escrita (comentarios, reflexións, etc.): rigor técnico; grao de aplicación dos conceptos teóricos Capacidade de reflexión e síntese para establecer conclusións Claridade e eficacia na expresión e forma. Capacidade de estruturación. Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. Colaboración, participación e interese. Puntualidade na entrega	40 %
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula. Outras actividades orais e escritas	Asistencia, puntualidade, participación e interese, nas clases prácticas ou con outros elementos. Calidade tanto na participación oral como escrita: calidade do traballo, dos comentarios e propostas feitos na aula e capacidade de organización. Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. Capacidade de estruturación e de reflexión. Claridade e eficacia na expresión. Colaboración.	10 %
Total		100 %
<p align="center">OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN</p> <p>A asistencia as aulas é obrigatoria e avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe.</p> <p>Aqueles que non asistan as aulas con un valor inferior ao 40% do total, perderán unha parte do valor total da avaliación, que será proporcional ate un 40% do total, a perda deste valor tamén inclúe a non exposición e o</p>		



non ser facilitada ao resto da aula a presentación do/s traballo/s individual/is ou colectivo/s establecido/s polo docente na aula.

Os alumnos que acumulen un número de faltas igual ou superior ao 40% do total, ou que non teñan entregado no prazo máximo estipulado os traballos requiridos serán avaliados na convocatoria ordinaria cunha proba escrita específica. A proba escrita específica realizarase o día establecido para a convocatoria ordinaria, sendo a nota da materia o resultado obtido en dita proba. Os traballos complementarios individuais propostos (Casos prácticos, comentarios crítico por escrito, exercicios de reflexión, probas, etc.) deberán en calquera caso ser presentados ó longo do curso, con data e hora límite: a hora de inicio do exame da convocatoria ordinaria.

A avaliación ordinaria con valoración do progreso do proceso de aprendizaxe poderá incluír a realización de probas específicas, ademais das probas e procedementos recollidos (descritos nos sistemas de avaliación). O valor mínimo alcanzado na proba escrita para facer media co resto de métodos de sistema de avaliación será de 4,5.

No caso de perda de avaliación con valoración do progreso do proceso de aprendizaxe na convocatoria ordinaria por causas xustificadas, o departamento poderá establecer, unha vez estudado o caso, a posibilidade de probas ou traballos alternativos.

Os alumnos que non superaran a convocatoria ordinaria terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.

De cara á avaliación extraordinaria proxectaranse nas titorías didácticas, ou previamente na aula, os procedementos de recuperación previos, alternativos ou complementarios á proba escrita desta convocatoria

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías serán presenciais, no horario establecido para titorías, no despacho do profesor ou na aula.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

Xeral e lexislación:

. QUEROL, M. A. *Manual de Gestión del Patrimonio Cultural*. Madrid: Ediciones Akal, 2010.

. *Lei PHE 16/1985 do 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español*. Obtido de <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1985-12534>

. *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*. Obtido de

<https://www.boe.es/buscar/pdf/2016/BOE-A-2016-5942-consolidado.pdf>

Ou obtido de: <http://www.cultura.gal/sites/default/files/documents/normativa/lcpg.pdf>

Museoloxía e museografía:

. HERNÁNDEZ, F. *Manual de museología*. Madrid: Ediciones Síntesis, 1994.

. ICOM. *Código deontológico del ICOM para los Museos*. París: 2017.

. JIMÉNEZ, C. *Museos y exposiciones*. Barcelona: Ediciones Ceac. Manuales de Luminoteca, 1999.

. LORD, B. y DEXTER LORD, G. *Manual de gestión de museos*. Barcelona: Ariel Patrimonio histórico, 1998.

. MARÍN TORRES, M. T. *Historia de la documentación museológica. La gestión de la memoria artística*. Gijón: Trea, 2002.

. RICO, J. C. *Manual práctico de museología, museografía y técnicas expositivas*. Madrid: Sílex, 2006.

. RICO, J. C. *Montaje de exposiciones. Museos Arquitectura Arte*. Madrid: Sílex, 1996.

. RIVIÈRE, G. H. *La museología. Curso de museología/Textos y testimonios*. Madrid: Akal. Arte y estética, 1993.

. VV. AA. *Conservación preventiva y procedimientos en Exposiciones temporales*. Madrid. Ministerio de cultura, 2008.

. ZUBIARUR CARREÑO, F. J. *Curso de museología*. Gijón: Trea, 2004.



Documentación e catalogación:

- . FALDI, PAOLINI. *Tecniche fotografiche per la documentazione delle opere d'arte*. Firenze: Instituto per l'arte e il restauro, 1987.
- . GÓMEZ GONZÁLEZ, M. L. *Análisis científico aplicado a la conservación de obras de arte*. Madrid: Ministerio de Cultura. I.C.R.B.C., 1993.
- . GONZÁLEZ MOZO, A. y MACARRÓN MIGUEL, A. M. *La Conservación y la Restauración en el Siglo XX*. Madrid: Ed. Tecnos, 1998.
- . PORTA EL ALLI. *Sistema de documentación para museos*. Barcelona: Generalitat de Catalunya. Departamento de Cultura, 1982.
- . VV. AA. *Analyse Scientifique Des Oeuvres D'art*. Quebec: Musée du Quebec, 1980.

Tasación e peritaxe:

- . ARMAÑANZAS, E. *El color del dinero, el boom de las subastas de arte acontecimiento cultural en prensa*. Bilbao: Rekalde, 1993.
- . DÍAZ MARTOS, A. *El expertizaje de los cuadros*. Madrid: ArteRestauro, 1987.
- . FREY, B. *La economía del arte*. Nº 18. Barcelona: La Caixa. Colección de estudios económicos, 2000.
- . GRAMPP. *Arte, inversión y mecenazgo*. Barcelona: Ediciones Ariel, 1991.
- . POLI, F. *Producción artística y mercado*. Barcelona: Ediciones Gustavo Gili, 1976.
- . VETTESE, A. *Invertir en arte*. Madrid: Ediciones Pirámide, 2002.
- . VV. AA. *Cómo invertir en bienes tangibles*. Madrid: Inversor Ediciones. Los manuales de inversión, 1996.
- . VV. AA. *The value of culture on the relationship between economics and arts*. Amsterdam: Amsterdam University Press, 1996.

Archivística:

- . GALLEGO DOMINGUEZ O. y LÓPEZ GÓMEZ P. *Introducción a la archivística*. Obtido de <http://eah-ahc.org/pdf/ikerlanak1.es.pdf>
- . ALBECH FUGUERAS, R. y CRUZ MUNDET, J. R. *¡Archívese! Los documentos del poder. El poder de los documentos*. Madrid: Alianza Editorial. Comunicación, 1999.
- . CRUZ MUNDET. *Archivística. Gestión de documentos y administración de archivos*. Madrid: Alianza editorial, 2012.

Biblioteconomía e archivística:

- . RENDÓN ROJAS, M.Á. *Bibliotecología, archivística, documentación: intradisciplina, interdisciplina o transdisciplinariedad*. Universidad Nacional Autónoma de México. Obtido de: <http://libros.metabiblioteca.org/bitstream/001/380/8/978-607-02-0749-5.pdf>

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

- . ARIAS EIBE, M. J. *El patrimonio cultural. La nueva protección en los arts. 321 a 324 del Código Penal de 1995*. Granada: Editorial Comares, 2001.
- . COLBERT, F. y CUADRADO, M. *Marketing de las Artes y la Cultura*. Barcelona: Ariel Patrimonio histórico, 2003.
- . DELOCHE, B. *El museo virtual*. Gijón: Trea, 2002.
- . FONTAL MERILLAS, O. *La educación patrimonial. Teoría y práctica en el aula el museo e internet*. Gijón: Trea, 2003.
- . GARCÍA BLANCO, A. *Didáctica del museo. El descubrimiento de los objetos*. Madrid: Proyecto didáctico Quirón. Ediciones de la Torre, 1994.
- . RIEGL, A. *El culto moderno se los monumentos, su carácter y sus orígenes*. Sevilla: Junta de Andalucía. Consejería de Cultura, 2007.
- . *Patrimonio Cultural y medios de comunicación*. PH cuadernos 21. Sevilla: Consejería de cultura. Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico, 2008.
- . VALDÉS SAGÜÉS, M. C. *La difusión cultural en el museo. Servicios destinados al gran público*. Gijón: Trea, 1999.



. VV. AA. *Normalización documental de museos*. Madrid: Ministerio de educación y cultura, 1998.

OBSERVACIÓNS

- . Non se permite o uso ou funcionamento de teléfonos móbiles nin ningún outro dispositivo (TIC,s) con capacidade de copia ou gravación, salvo consentimento expreso do docente.
- . Na plataforma didáctica *moodle* poderán consultarse materiais didácticos e documentación como: artigos de crítica e científicos e as bases dos traballos de elaboración obrigatoria. A mesma plataforma será a empregada para a entrega dos traballos e a elaboración de probas, quedando estas a discreción do docente.
- . A biblioteca da Escola conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia.